

Ciclo de Música Actual Galega II



Teatro Principal
Rúa Paio Gómez Chariño, 6
Pontevedra

Xoves 18 maio- 21:00H



XXI CICLO da Asociación Galega de Compositores 2016/2017

InVento é un grupo de música de cámara que xorde, en primeiro lugar, debido á longa amizade entre os seus compoñentes, músicos profesionais galegos de sólida formación, que compartiron experiencias na EAEM de Galicia e a Orquestra Nova da OSG, e remataron os seus estudos en prestixiosas escolas europeas. Na actualidade compaxinan a súa actividade como grupo coa docencia e as regulares colaboracións con agrupacións profesionais, especialmente a Real Filharmonía de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Galicia e a Banda Municipal da Coruña.

O grupo comeza a súa andaina a finais do ano 2013. Dende entón teñen actuado en boa parte da xeografía galega, adicándose tanto ó repertorio tradicional de quinteto como á música contemporánea, pasando polos espectáculos didácticos e outros proxectos propios.

Nos últimos anos InVento ten soado en espazos como o Pazo da Ópera da Coruña, Auditorio de Galicia, Teatro Principal de Pontevedra, Catedral de Tui, Museo de Arte Contemporáneo da Coruña, Paraninfo da UDC, Hostal dos Reis Católicos, Parlamento de Galicia, Liceo de Ourense, Liceo de Betanzos, Square Espazo Cultural, etc.

A finais de 2014 foron seleccionados como finalistas do Concurso Mirabent i Magrans, actuando no Palacio Maricel de Sitges, e recentemente foron eleixidos para actuar no Museo de América de Madrid dentro do ciclo Musae de 2017.

O seu interese pola música contemporánea lévaos a estrear en 2016 obras de membros da Asociación Galega de Compositores, entidade coa que manteñen unha estreita colaboración.

PROGRAMA DO CONCERTO

Octavio Vázquez - 'Tis true without error - Frauta e Piano

Octavio Vázquez - Shards - Clarinete e Piano

Octavio Vázquez - Gnomus - Clarinete e Piano

Octavio Vázquez - Yortog - Clarinete e Piano

Jesús González - Cantiga - Instrumento melódico (óboe) e Piano

.....

Gloria Rodríguez Gil - O Mar - Clarinete e Piano

Paulino Pereiro - Peza op.223 - Fagot e piano

Paulino Pereiro - Aria op. 222 - Fagot e piano

Paulino Pereiro - Peza op.161a - Óboe e piano

Xavier Comesanha - Diálogos, 4 Miniaturas - Frauta e Piano

INTÉRPRETES

Patricia González, Frauta

Carolina Rodríguez, Óboe

Emilio Alonso, Clarinete

Óscar Galán, Fagot

Álvaro Blanco, Piano (músico convidado)